

Finalistas dos premios outorgados pola AELG

Publicado por **Redacción**



Xa se coñecen os nomes dos finalistas seleccionados polo socios e socias da AELG aos premios á mellor obra publicada no 2012 nas modalidades de ensaio, poesía, narrativa, tradución, teatro, blog literario, literatura infanto-xuvenil e traxectoria xornalística. Nestes dous últimos casos tamén participaron na elección os asociados de Gálix e os membros do Colexio de Xornalistas respectivamente.

As obras gañadoras daranse a coñecer na gala que terá lugar o 4 de maio no auditorio

do Centro Ágora da Coruña. Así pois, da conxunción de votos emitidos na primeira quenda resultaron finalistas:

Narrativa

A noite branca (Xerais) de Francisco X. Fernández Naval.

As voces baixas (Xerais) de Manuel Rivas.

Morgana en Esmelle (Galaxia) de Begoña Caamaño.

Tonas de laranxa (Xerais) de María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón.

Verde oliva (Galaxia) de Xavier Alcalá.

Poesía

Boca da cobra (Biblos) de Francisco Salinas Portugal.

emily on the road (Acha Escava) de Ramón Blanco.

Fase de trema (Espirál Maior) de Lorena Souto.

O silencio (Xerais) de Mario Regueira.

Os ángulos da brasa (Fábrica K) de Manuel Álvarez Torneiro.

ruído de fondo (Xerais) de Daniel Salgado.

Ensaio

Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez (Xerais) de Carlos Callón.

O labirinto da saudade (Laiovento) de Luís G. Soto.

Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro (Xerais) de Ramón Nicolás.

Teatro

Banqueiros (Laiovento) de VV. AA.

Novo teatro fantástico (Laiovento) de Manuel Lourenzo.

Literatura Infanto-xuvenil

Eu, pel (Xerais) de Teresa González Costa.

O corazón de Xúpiter (Xerais) de Leticia Costas.

O neno can (Galaxia) de Fina Casalderrey e Francisco Castro.

Palabras de auga (Xerais) de Marcos Calveiro.

Tradución

Cancioneiro, seguido das Rimas dispersas (Edicións da Curuxa) de Petrarca, en tradución de Darío Xohán Cabana.

Carné de identidade (Barbantesa) de Mahmud Darwix, en tradución de Moncho Iglesias e Samar Sabat.

Gretchen, miña nena (Oxford) de Christine Nöstlinger, en tradución Isabel Soto.

O home unidimensional (USC) de H. Marcuse, en tradución de Jesús Saavedra.

O sentido dun final (Rinoceronte) de Julian Barnes, en tradución de Xesús Fraga.

Blogs Literarios

Caderno da crítica, de Ramón Nicolás.

Criticalia, de Armando Requeixo.

Versos e aloumiños, de Antonio García Teijeiro e Antón García-Fernández.

Mellor traxectoria de Xornalismo Cultural en 2012

Ana Romaní

Blanca-Ana Roig Rechou

Carme Vidal

Fran P. Lorenzo

Iago Martínez

María Solar

Moncho Paz

Ramón Nicolás

Na segunda fase os asociados e asociadas decidirán as obras gañadoras. Alén destas categorías, os Premios AELG constan doutros tres galardóns outorgados pola Asemblea de Socios e Socias da AELG:

O premio Mestres e Mestras da Memoria, de nova creación, que se concede nesta primeira edición a Manuela Cortizo Medal e Ángel Rivas Veiga, por toda unha vida de dedicación exemplar á transmisión oral de saberes e valores da nosa cultura popular tradicional;

O Premio Institucións que se concede a quen contribúe á divulgación da lingua e cultura galega, e que este ano será para o asociacionismo cultural representado por aquelas asociacións que, nadas nas décadas dos 60 e 70, aínda manteñen a súa vitalidade e activismo cultural (Agrupación Cultural O Galo, Agrupação Cultural O Facho, Clube Cultural Valle Inclán, Agrupación Cultural Auriense, Agrupación Cultural Francisco Lanza, Agrupación Cultural Avantar, Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, Agrupación Cultural Lumieira, Sociedade Cultural Medulio, Associação Cultural Amig@s da Cultura de Pontevedra)

E mais o Premio AELG 2013 Escritora Galega Universal, outorgado pola Asemblea á escritora Lúcia Jorge, galardón que a distingue como autora que combina a excelencia literaria co compromiso

ético que o converte en referente na defensa da dignidade humana.

No transcurso da gala a AELG tamén entregará aos humoristas gráficos Siro López Lorenzo "Siro", Xosé Lois González Vázquez "O Carrabouxo, Xosé Ángel Rodríguez López "Gogue", Xosé Carreiro Montero "Pepe Carreiro" e Xaquín Bieito Marín Formoso "Xaquín Marín" a distinción "Bos e Xenerosos".